

C o l e g i o S a n F e r n a n d o

Baixada á Salgueira, 39 – 40. 36204 – Vigo

986 410 361

cpr.sanfernando@edu.xunta.es

<https://colegiosanfernandovigo.com>



P L A N D E I G U A L D A D E

2 0 2 5 _ 2 0 2 6

REVISADO POLO
EQUIPO DIRECTIVO

Setembro 2025

APROBADO POLO
CLAUSTRO

30 de Setembro de 2025

APROBADO POLO
CONSELLO ESCOLAR

30 de Setembro de 2025

Este documento é propiedade do Colexio Plurilingüe San Fernando, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estimo oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como o mostralo a organizacións empresariais ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Entidade Titular.

ÍNDICE

1_ INTRODUCCIÓN	3
2_ XUSTIFICACIÓN	3
3_ CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	5
3.1_ A nivel normativa.....	5
3.2_ A nivel centro	5
4_ ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNEROS, COA VIOLENCIA DE XÉNEROS E COA LGBTIFOBIA	6
5_ OBXECTIVOS	7
5.1_ Obxectivos xerais.....	7
5.2_ Obxectivos específicos.....	8
5.2.1_ Alumnado	8
5.2.2_ Profesorado.....	9
5.2.3_ Familias.....	9
6_ MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN	10
7_ METODOLOXÍA	11
8_ CRITERIOS DE AVALIACIÓN	12

1_ INTRODUCCIÓN

Como centro educativo temos a obriga de educar para crear unha cidadanía respetuosa con todo tipo de persoas, empática e capaz de rexeitar condutas irrespetuosas ou vexatorias cara outros seres humanos, independentemente do seu sexo, aspecto, ideoloxía, crenza ou gustos sexuais.

Necesitamos erradicar os comportamentos machistas, sexistas e violentos nas súas relacións afectivo-sexuais.

E neste centro de ensino , onde entran como nenas e nenos e saen xa como homes e mulleres, a nosa prioridade será que aprendan a convivir en tolerancia e con respecto cara a toda a comunidade educativa. Sempre partindo da necesidade de facelo en colaboración coas familias, o Concello e solicitando axuda de profesionais expertos nestas materias.

E debemos plasmar estes principios nas nosas programacións didácticas e na nosa metodoloxía. Nada é máis útil que o exemplo que as profesoras e profesores podemos e debemos dar no día a día.

Desde a súa chegada ao noso centro, deberán saber que aquí os problemas sempre se resolverán co diálogo. E terán no profesorado toda a axuda para ir por este camiño, para acadar unha sociedade mellor e máis xusta.

2_ XUSTIFICACIÓN

A lexislación comunitaria en materia de igualdade de xénero constitúe a base fundamental da política de igualdade de oportunidades en Europa.

Na mesma liña, a Constitución española promulga que somos iguais ante a lei, e aínda que desde hai anos a normativa vixente ampara a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero, esta non se reflicte en todos os ámbitos sociais, e, polo tanto, tampouco na escola.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o obxectivo fundamental que debemos marcarnos é mover ao conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuizos nos que todos e todas fomos enculturadas e que nos seguen transmitindo toda a nosa contorna, a familia, os medios de comunicación, etc. Estes prexuizos sexistas e LGBTI fóbicos (rexeitamento que sofre o conxunto do colectivo de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais) constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio. Por tanto é fundamental deseñar actividades que consigan que tanto o profesorado como o alumnado se expoñan a devanditos prexuizos, adquiran un maior coñecemento e concienciación sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero, que modifiquen as súas condutas, e así fomentar a participación, e o exercicio da cidadanía como instrumentos imprescindibles para o libre e digno desenvolvemento humano.

Entendemos a igualdade como unha relación de equivalencia, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e, precisamente por iso, son iguais. A defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres parte do

principio de que as mulleres, como cidadás, deben ser libres coma os homes á hora de decidir e exercer papeis sociais e políticos.

Considérase, por tanto, que o ofrecer igualdade na educación dos dous sexos é condición necesaria para que as potencialidades individuais de mulleres e homes poidan estimularse e desenvolverse. Pero non é igualitario, nin por tanto xusto, tratar do mesmo modo a quen son diferentes, nin obviar as diferenzas aplicando modelos. Con todo, ter o mesmo valor non implica que teñan a mesma identidade nin que sexan uniformes, a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades.

A igualdade garante o respecto aos dereitos fundamentais de todos e todas e contribúe a unha sociedade máis xusta, tendo o sistema educativo un papel moi importante no asentamento deste principio desde os primeiros niveis de escolarización.

No proxecto educativo de centro contemplaranse medidas para promover a igualdade de xénero xa que os Proxectos educativos deben potenciar a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas, entre os e as adolescentes, sexa cal sexa a súa condición. A finalidade destes proxectos é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e previr as súas consecuencias.

Para evitar a reprodución de estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, na presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, na discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, na orientación profesional segregadora, nas diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, na normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbico, na prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e na presunción de familia nuclear heterosexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

Estas medidas serán canalizadas pola coordinadora do Plan de Igualdade, á que tamén lle corresponde:

- Velar pola igualdade entre homes e mulleres no centro educativo.
- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa.
- Impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o respecto pola diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Dinamizar que se favoreza a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

3_ CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

3.1_ A nivel normativa

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Instrucción do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade nos centros educativos.

Lei 14/2021, do 20 de xullo, polo que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Lei Orgánica 2/2006, do 3 maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE).

3.2_ A nivel centro

1. Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a arte, a cultura, e o desenvolvemento da sociedade.
2. Facer unha análise dos diferentes aspectos do centro desde o punto de vista do xénero e da diversidade afectivo-sexual e familiar.
3. Motivar ao alumnado para que adquira a formación adecuada para fomentar a súa autonomía persoal e os coñecementos e habilidades para compartir responsabilidades domésticas, familiares e de coidado, e contribuír a eliminar comportamentos e actitudes sexistas.
4. Incorporar a aprendizaxe de métodos non violentos para a resolución de conflitos e de modelos de convivencia baseados no respecto á diversidade e no respecto á igualdade de mulleres e homes, e visualizar ante o alumnado aos grupos de mulleres en situación de múltiple discriminación así como dos colectivos tamén discriminados.
5. Fomentar a diversificación profesional como forma de promover unha elección académica e profesional libre e como vía de eliminación progresiva da segregación ocupacional vertical e horizontal.
6. Fomentar no profesorado a posta en práctica de actuacións ou proxectos de igualdade e de respecto á diversidade familiar e afectivo-sexual.

7. Promover o respecto á libre orientación sexual e a identidade de xénero e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.
8. Promover o uso da linguaxe inclusiva en todos os ámbitos educativos e por parte de toda a comunidade educativa que contribúa á visibilización das mulleres e dos diversos xéneros na linguaxe.
9. Espertar o espírito crítico do alumnado sobre os estereotipos de xénero e de orientación afectivo-sexual que nos chegan a partir dos produtos culturais como a publicidade, os vídeo clips, os videoxogos e o cinema.

4_ ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNEROS, COA VIOLENCIA DE XÉNEROS E COA LGBTIFOBIA

No noso centro figuran obxectivos coeducativos no Plan de convivencia, no Plan de acción tutorial, nas normas de organización, funcionamento e convivencia, así coma no Proxecto educativo, que pódense resumir nestes dous principios que rixen o noso plan:

- Desenvolver no centro educativo os valores que fomentan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorio pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- Propiciar dinámicas para identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de xénero na vida cotiá do alumnado, participando en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.

Accións coeducativas que se abordan no plan:

- Constituír un grupo de traballo para deseñar e desenvolver o plan de igualdade.
- Analizar o sexismo no centro educativo mediante a observación da linguaxe, traballos grupais, libros e materiais de aula, etc.
- Seleccionar o problema principal de desigualdade sobre a que se vai intervir.
- Recoñecer ou identificar os micromachismos na vida cotiá, para concienciar ao alumnado da necesidade de ir cambiando os comportamentos; incluso aqueles dos que non son moi conscientes.
- Identificar posibles actitudes violentas cara as mulleres, tanto alumnas como profesoras, persoal subalterno feminino, etc. Sendo intolerantes ante calquer signo de comportamento machista.
- Recoller todas as actuacións relacionadas coa igualdade que se fan no centro, así como algunhas externas, e visibilizalas.

- Introducir nos materiais de aula contidos sobre mulleres ilustres e a súa achega en todas as materias.
- Usar unha linguaxe non sexista en todos os documentos escritos do centro: a Programación Xeral Anual, o Proxecto Educativo, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Convivencia, as programacións de aula...

Contidos coeducativos a traballar:

- Uso non sexista da linguaxe, tanto no escrito como no oral.
- Visibilización das mulleres ao longo da historia e actualmente, enfatizando as achegas de mulleres na ciencia, a tecnoloxía, o deporte, a literatura, a filosofía, etc.
- Loita contra os estereotipos de xénero a través da análise, tanto dos medios de comunicación, das Novas Tecnoloxías, dos recursos de ocio máis comúns entre o alumnado, así como do propio centro educativo e materiais de aula utilizados.
- Resolución pacífica de conflitos, con proxectos de convivencia coeducativa.
- O espazos no centro educativo, os patios de recreo, as actividades extraescolares e complementarias.
- Educación afectiva e sexual en igualdade, coñecemento e respecto cara á diversidade sexual, loita contra a diversifobia.
- Prevención da violencia machista, máis alá dos actos do 25 de novembro, traballando desde todas as áreas e materias para transmitir o bo trato fronte ao maltrato.

5_ OBXECTIVOS

5.1_ Obxectivos xerais

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.

- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Implicar aos pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo- sexual e familiar.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupoña a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Acción Tutorial.
- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.

5.2_ Obxectivos específicos

5.2.1_ Alumnado

- Facer reflexionar ao alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión

sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.

- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara as mozas e os mozos.
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, sobre todo, das ofertadas polo centro educativo, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.

5.2.2_Profesorado

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.
- Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que compoñen a comunidade educativa e das familias.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo- sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homófobico e transfóbico.
- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

5.2.3_ Familias

- Reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
- Repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.
- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar a orientar ás súas fillas e fillos independentemente do sexo.
- Fomentar a participación e paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

6_ MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Organización do centro

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade educativa.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas (outros centros educativos da zona, CIM,...).
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, etc.).
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Ofertar materias específicas de igualdade de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, etc.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha
- Perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres e as desigualdades de xénero; completando así a historia da humanidade.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- Difundir información a través dun blogue de inclusión propio do centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, etc...

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Promover o respecto e o bo trato entre xéneros.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas, cooperativas e colaborativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

7_ METODOLOXÍA

Teranse en conta os seguintes principios:

- Partir da realidade do centro. É importante ter en conta a realidade que

envolve ao centro, coñecendo o contexto social que envolve ao alumnado.

- Participación. A coeducación e o respecto pola diversidade non é tarefa dunha soa persoa senón de moitas e é necesario que exista unión entre toda a comunidade educativa.
- Partir de situacións compartidas. Traballar en coordinación con asociación e institutos da contorna.
- Gozar. Non queremos que a coeducación e o respecto pola diversidade sexa unha área a parte, senón que sexa un valor implícito nas distintas materias impartidas.
- Respetar. O diálogo será a base do respecto.
- Traballar en equipo. Un dos elementos fundamentais que inciden na eficacia da intervención coeducativa o de respecto pola diversidade é o que se deriva da coherencia entre propostas do profesorado e os comportamentos cotiáns. Dificilmente se pode transmitir ao alumnado unha visión integradora se non traballamos en equipo coordinados.
- Revisar o traballo. Realizarase revisións periódicas do Plan de Igualdade, así como do noso traballo.

8_ CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Que o alumnado amose actitudes de respecto e concienciación ante as actividades que se propoñan, respecto aos contidos sobre igualdade.
2. Que o alumnado mostre unha actitude correcta e acorde coas normas de convivencia durante as actividades contra a violencia de xénero.
3. Que docentes e discentes participen na realización de carteis, debuxos, slogans, manifestos, etc.
4. Para levar a cabo a avaliación contamos cunha serie de instrumentos que nos axudan a tirar conclusións: observacións, cuestionarios, recollida de datos cuantitativos de participación, materiais finais, vídeos sobre actividades reivindicativas grupais, etc.